



Concello de Verín

GABINETE DE COMUNICACIÓN

.- Nota de Prensa

O Concello abre o prazo de inscrición para os expositores da Feira de Nadal 2025

- A mesma terá lugar os días 5, 6 e 7 de decembro na Praza García Barbón.

Verín, 4 de novembro de 2025. Os días 5, 6 e 7 de decembro, o Concello de Verín organiza na Praza Maior a súa Feira de Nadal. As persoas interesadas en participar na mesma deberán enviar a organización as ideas e propostas do seu produto así como da decoración do seu stand. A temática do mesmo deberá estar sempre relacionada co Nadal.

Horario da Feira do Nadal 2025:

- Venres 5 de decembro: 17:00 - 21:00 h
- Sábado 6 de decembro: 11:00 - 14:00 h e 16:30 - 21:00 h
- Domingo 7 de decembro: 11:00 - 14:00 h e 16:30 - 21:00 h

O evento estará ambientado na temática do Nadal e contará coa participación de artesáns e produtores do sector alimentario, que amosarán os seus produtos e decoracións inspiradas no espírito destas tradicionais festas.

A inscrición, que terá un custo de 45 euros, está aberta para artesáns e profesionais da alimentación, quen deben cumprir cos requisitos estipulados nas **bases de inscrición** e presentar unha solicitude a través da sede electrónica do Concello de Verín. (<https://verin.sedelectronica.gal>) ata o día 14 de novembro de 2025.

O Concello de Verín busca, mediante este evento, apoiar aos pequenos produtores e fomentar o consumo de produtos locais, á vez que ofrece aos asistentes unha experiencia única para gozar do ambiente de Nadal en familia.

Máis información

Concellería de Feiras: Manuel Lorenzo
Oficina de Desenvolvemento Local (Julia)